

**ÁREA DE RECURSOS HUMANOS
E FORMACIÓN**

ASUNTO: ALEGACIÓN PRESENTADA CONTRA O CAPÍTULO I DO PROXECTO DE ORZAMENTOS MUNICIPAIS PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2022 DURANTE O TRÁMITE DE EXPOSICIÓN PÚBLICA

INFORME DA XEFATURA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN

Tendo sido publicado no BOP de Pontevedra n.º 222, do luns 18 de novembro do 2021, o anuncio de aprobación inicial dos Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2022, e unha vez rematado o prazo de 15 días hábiles que para a presentación de alegacións establece o artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; polo presente informe sinalase que os supostos nos que cabe formalizar reclamación administrativa aos proxectos de orzamentos municipais veñen legalmente tasados e consignados no artigo 170.2 da referida norma, concretándose nos seguintes:

- Por non terse axustado a elaboración e aprobación do orzamento aos trámites establecidos na propia Lei de Facendas Locais.
- Por omisión do crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- Por seren de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentarios ou ben destes verbo das necesidades para as que esté previsto.

Asemade, debe facerse constar que en canto á lexitimación para a presentación de alegacións, terán a consideración de interesados unicamente os habitantes no territorio da respectiva entidade local; os que resulten directamente afectados, a pesares de non



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 29/12/2021 14:18 | Páxina 1 de 4 |
| 72-142 | CSV: A7ACA7-28273D-D93746-F7ZKGY-JUHGST-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

habitar no territorio da dita entidade local, e os colexios oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios (parágrafo 1 do artigo 170).

Consultado o sistema informático de xestión de expedientes, constan presentadas no período de exposición pública as seguintes alegacións ao Capítulo I de gastos do documento orzamentario, enviadas en comunicación electrónica pola Superior Dirección Orzamentaria e Contable e recibidas en data de hoxe, 14.12.2021, pola funcionaria suscribinte:

1.- Documento n.º 210252407 (Alicia Meiriño Fernández).

Non constan na Área de Recursos Humanos e Formación, á data de emisión do presente informe, e a salvo de erro ou omisión dada a brevidade dos prazos establecidos na calendarización efectuada pola Concellería de Facenda e Orzamentación, alegacións ao Capítulo I de gastos adicionais á citada.

Consonte á lexislación actualmente vixente en materia de réxime local –constituída principalmente pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, nos municipios sometidos ao réxime xurídico de grande poboación o Pleno do Concello unicamente ostenta competencias en materia de persoal en canto a:

- Aprobación e modificación dos regulamentos municipais (artigo 123.1.d), entre os cales incluíríanse os instrumentos reguladores das condicións sociais, económicas e laborais do persoal funcionario e do persoal laboral ao servizo do Concello, respectivamente, así como os regulamentos de natureza orgánica.
- Aprobación da plantilla de persoal vinculada á dos orzamentos municipais (artigo 123.1.h)



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 29/12/2021 14:18 | Páxina 2 de 4 |
| 72-142 | CSV: A7ACA7-28273D-D93746-F7ZKGY-JUHGST-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

- O establecemento do réxime retributivo, entre outros, da Secretaría Xeral do Pleno e dos órganos directivos municipais.
- Recoñecemento da compatibilidade do persoal municipal - neste caso, consonte ao título competencial habilitante previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro-.

Déixase constancia expresa de que será a Relación de Postos de Traballo e non a plantilla a que defina o contido, características, requisitos de desempeño, forma de provisión e **retribucións** de cada un dos postos de traballo do Concello de Vigo -aspecto que resulta necesario precisar, dada a confusión conceptual entre plantilla (prazas) e RPT (postos de traballo) detectada no escrito de alegación presentado, quizá por descoñecemento tanto do réxime competencial deseñado pola Lei 57/2003, do 16 de decembro e da xurisprudencia derivada da aplicación da mesma dende a súa entrada en vigor, como do marco normativo vixente en canto á actividade de planificación, ordenación e xestión de recursos humanos vinculante para o sector público local-.

Deste xeito, será en atención á motivación legal e técnica que concurra en base á cal se poderá aprobar calquera revisión, análise e avaliación dos postos de traballo e da RPT municipal. No presente suposto, o documento económico-contable de simulación orzamentaria incorporado ao expediente do Capítulo I de gastos unicamente contempla previsións xerais relativas a retribucións, dentro do denominado “documento económico-contable”, que en modo algún conlevan, de xeito automático, a modificación da vixente Relación de Postos de Traballo, non deixando ser máis que un mero documento de traballo de para o cálculo.

Non resulta aceptable a invocación de insuficiencia de crédito -alegada, probablemente, por descoñecemento do actuado no marco da tramitación do Capítulo I de gastos e da negociación colectiva desenvolta coa representación sindical do persoal municipal- toda vez que no proxecto de Orzamentos Municipais 2022, e dentro do Capítulo I de gastos, se contempla unha dotación orzamentaria específica (“Fondo adecuación retributiva”) destinada ao afrontamento de calquera revisión retributiva que resulte necesario realizar durante o ano 2022, polo contido dos postos de traballo e en aplicación do contemplado na lexislación sobre orzamentos en canto ás adecuacións retributivas excepcionais e singulares.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 29/12/2021 14:18 | Páxina 3 de 4 |
| 72-142 | CSV: A7ACA7-28273D-D93746-F7ZKGY-JUHGST-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Motivo polo cal procedería a desestimación da alegación presentada, ao non axustarse ao supostos de alegación legalmente contemplados e ao carecer de sustento fáctico a afirmación de insuficiencia de crédito.

No procedemento seguido para a elaboración e aprobación do orzamento se teñen seguido os trámites establecidos na propia Lei de Facendas Locais, de conformidade coa calendarización realizada pola Concellería-delegada da Área de Facenda e Orzamentación.

Dado que o Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais inicialmente aprobados para 2022 contén, coas observacións e nas condicións de aplicación indicadas no informe emitido por esta Xefatura ao Anteproxecto, crédito suficiente para facer fronte ás obrigas legais en materia de gastos de persoal; e vista a non concorrencia dos supostos legalmente previstos no invocado precepto da Lei Reguladora das Facendas Locais procede, en consecuencia, a **desestimación** da alegación presentada en materia de gastos de persoal ao proxecto de Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2022.

O cal se informa aos efectos procedentes.

Vigo, sinatura electrónica

A XEFA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN.- María Dapena Gómez



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 29/12/2021 14:18 | Páxina 4 de 4 |
| 72-142 | CSV: A7ACA7-28273D-D93746-F7ZKGY-JUHGST-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |